



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2021

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, María del Carmen Silva Rego, con NIF 36049002K, presidenta da Deputación de Pontevedra, con CIF P3600000H, que actúa en nome e representación da entidade local, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

As partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da importancia da actividade cultural que desenvolve a Deputación Provincial de Pontevedra como administración territorial máis próxima á cidadanía, para satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen as persoas desa zona.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Neste caso trátase do Premio Otero Pedrayo 2021; este premio de carácter anual e rotativo, convócase cada ano por unha das deputacións provinciais de Galicia. Correspóndelle á Deputación Provincial de Pontevedra a convocatoria de 2021, tal e como se establece no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 8 de marzo de 2021, no que se publica a convocatoria e as bases do Premio Otero Pedrayo 2021.





Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto-

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización do Premio Otero Pedrayo 2021.

O Premio Otero Pedrayo é un dos premios máis senlleiros do panorama cultural galego, posto que se ven entregando dende o ano 1977.

O obxecto deste premio é perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras; premiar un labor que constituía unha contribución eminente á cultura galega e promover os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e a mellora da súa xente e institucións.

Como obxectivo principal deste premio destaca ensalzar un labor que constitúe unha contribución eminente á cultura galega.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, porque se trata dun premio de carácter único cuxo outorgamento se efectúa rotatoriamente polas catro Deputacións Provinciais, correspondéndolle a convocatoria do Premio Otero Pedrayo 2021 á Deputación Provincial de Pontevedra.

O carácter único deste premio tamén se amosa polas persoas premiadas ao longo das súas edicións; así, entre os personaxes do mundo cultural que o teñen recibido atópanse Carlos Casares, Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Trapero Pardo, Manuel María, Uxío Novoneira, Manuel Fraga, Neira Vilas, Arcadio López-Casanova, Margarita Ledo Andión e as máis importantes institucións no ámbito cultural como a Real Academia Galega.

Por todo o anterior, a Deputación de Pontevedra é a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Segunda. Obrigas da Deputación





A Deputación de Pontevedra comprométense, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Deputación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa

A Deputación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que a Deputación de Pontevedra cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

A Deputación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Deputación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A beneficiaria comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.





Terceira. Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aboar á Deputación de Pontevedra a cantidade de 8.000 €, como contribución para a realización do Premio Otero Pedrayo 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, código de proxecto 2015 00370.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 6.400 €. O pagamento restante, 1.600 €, pagarase no momento da completa xustificación pola Deputación do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que o beneficiario/a está obrigado/a á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que a Deputación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades.

Cuarta.- Xustificación dos gastos.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2021.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Deputación de Pontevedra estará obrigada a xustificar ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade o cumprimento da finalidade da subvención e a realización da actividade, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se detalla a continuación:





- Certificación expedida pola Secretaría da deputación, co visto e prace do presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:

1.- O cumprimento da finalidade da subvención.

2.- Acta do xurado do premio, e o seu acordo plenario no que se da conta da mesma, realización do pago á persoa gañadora e xustificante bancario do seu pagamento.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a Deputación concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2021, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Deputación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

Quinta: Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e pola presidenta da Deputación de Pontevedra.





Sexta: Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Oitava: Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Novena.- Vixencia





O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

Décima.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo primeira.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e, os/as empregados/as das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado/a público/a.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade A presidenta da Deputación de Pontevedra

Román Rodríguez González

María del Carmen Silva Rego

